



## Concello de Xermade

### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 2 de maio de 2024, aprobou a solicitude de participación do Concello de Xermade no certame de narración e debuxo infantil “Letras Galegas 2024” convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

“Visto o certame de narración e debuxo infantil “Letras Galegas 2024” convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Sendo de interese para a biblioteca municipal de Xermade participar neste certame, tal como ven facendo nos últimos anos.

Consta retención de crédito na aplicación orzamentaria 321 48 por importe de 540,00 euros para afrontar os gastos que orixine este certame, consonte á proposta de gasto emitida polo auxiliar de biblioteca Marcos Saavedra Blanco en data 29/04/2024.

Foi emitido informe de fiscalización previa da fase A pola Intervención municipal en data 02/05/2024, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 2023-0286 do 27 de xuño (BOP nº 157 do 10/07/2023), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Solicitar a participación da biblioteca municipal de Xermade no certame de narración e debuxo infantil “Letras Galegas 2024” convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Segundo.- Aprobar as bases que de seguido se transcriben:

*“A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE XERMADE convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2024 (fase local), de acordo coas seguintes bases:*

*1. Poden participar todas as nenas e nenos con:*

*A) **narracións**, en galego, cunha extensión máxima de 1 folio por unha soa cara, sobre o tema proposto a continuación:*

*“**Ler para pensar, pensar para ser libres**” Os libros sempre axudaron a pensar, a elaborar teorías, a coñecer outras formas de pensamento ou de vida, a facer máis ampla a nosa conciencia... Agora é igual pero, ás veces, en pantalla e non en papel. Cando sabes que un libro te fai máis libre??*

*B) **debuxos**, feitos sobre papel ou cartolina tamaño DIN A4, sobre o tema proposto a continuación:*

*“**Ler para pensar, pensar para ser libres**” Os libros sempre axudaron a pensar, a elaborar teorías, a coñecer outras formas de pensamento ou de vida, a facer máis ampla a nosa conciencia... Agora é igual pero, ás veces, en pantalla e non en papel. Cando sabes que un libro te fai máis libre??*

*2. Cada autor pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor en letra maiúscula.*

*3. Establécense tres categorías: **A**, ata 8 anos, **B**, de 9 a 11 anos, **C**, de 12 a 16 anos.*

*4. O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro 16 de maio, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL DE XERMADE.*

*5. O xurado seleccionará un máximo de tres traballos por modalidade e estará composto por:*

*Presidente: Don Roberto García Pernas, alcalde do Concello de Xermade*





## Concello de Xermade

---

*Vogais: 1º dona Amalia Méndez Lombao, profesora de plástica do CEIP Plurilingüe de Xermade 2º Don Rubén López Eiras, Director do CEIP Plurilingüe de Xermade 3º Dona Lucía Guizán Trastoy, Educadora familiar do Concello de Xermade.*

*Secretario: Don Marcos Saavedra Blanco, auxiliar de Biblioteca do Concello de Xermade*

*6. Os traballos premiados nesta fase local pasarán á fase provincial do certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Língua e Xuventude da Xunta de Galicia.*

*7. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Municipal de Xermade, que se reserva o seu dereito a publicalos.*

*8. Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.*

*9. A presentación das obras a este certame supón a aceptación das mesmas.”*

Terceiro.- Autorizar un gasto por importe de 540,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 321 48 do vixente orzamento de gastos.

Cuarto.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo ao departamento correspondente, a fin de que tramite a solicitude de participación.

Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas”

Xermade, a 13 de maio de 2024.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.

